

**María García Gómez**

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica.

Nacín na Coruña en 1978. Estudei a Licenciatura de Ciencias Ambientais en León, Planificación e Desenvolvemento Local na Coruña e Medio Ambiente e Formación en Alemaña. Traballei como educadora ambiental en diversos programas, entre eles na planta de Nostián. Fun Técnico Municipal de Medio Ambiente en Carnota, onde xestionei o dispositivo de crise da marea negra do *Prestige*. Durante 8 anos en Alemaña, tomei parte en proxectos de desenvolvemento urbano sostible baseados na participación cidadá e a autoorganización. Dende o centro cultural da *ufaFabrik* (“*Best Practice*” do programa Hábitat de Nacións Unidas) desenvolvín proxectos europeos de transferencia do coñecemento con escolas de FP de Galicia, Alemaña, Portugal, Dinamarca, Francia e Letonia. Participo en colectivos de defensa ambiental e de activismo cidadán.

Durante o pasado mandato fun Concelleira de Medio Ambiente.

*Aclaración ás retribucións*

Como concelleira, e en cumprimento do [Código Ético da Marea Atlántica](#), percibirei un salario de 35.000 euros brutos anuais. O excedente doarase para financiar iniciativas sociais e políticas en beneficio da cidadanía.